



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - mccm		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/105	GOB18I014V	
<div>6R5R 2E32 5G1E 1H4I 1ANE</div>		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO

TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN

TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR

TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA

TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN

TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE

SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade deulle a súa aprobación.

2.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE ACTA DE CESIÓN DUNHA PARCELA DESTINADA A VIARIO NO LG.DE PEDREIRA-O VAL.-

(...)

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por Dna. V. Carro Iglesias con DNI ***** , para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DE GÁNDARA E SABÍN, NA CONFLUENCIA COA ESTRADA AC112, NA PARROQUIA DE SEDES. .- Vista a proposta formulada que di así: A Xefa de Organización, en data 22/11/2024, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI18I013O que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/2024/79: Subvención para a mellora da eficiencia enerxética no alumeado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes.
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da aprobación da conta xustificativa

Con data 31/10/2024 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código ASI18I00ZR que di:

“

Con data 28/10/2024 a Xefa de Organización elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI18I00ZG que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Resolución
EXPEDIENTE	ASI/2024/79: Subvención para a mellora da eficiencia enerxética no alumeado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes.
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aprobación da conta xustificativa

Na súa sesión do 22/02/2024, a Xunta de Goberno Local deste Concello aprobou a solicitude, á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da subvención para a mellora da eficiencia enerxética no alumeado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes, por importe de 7.400,55 €, sendo este importe inferior ao máximo subvencionable para este Concello na liña non competitiva (7.401,60 € importe máximo), segundo o anexo V da orde que regula a convocatoria. Dito importe coincide co presuposto da memoria ao efecto obrante no expediente.

O pasado 11/06/2024 e a través do servizo de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHU), a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención para este proxecto:

Orzamento total	7.400,55 €
- Orzamento investimentos	7.400,55 €
Importe total subvención	7.400,55 €
- Importe subvención para investimentos	7.400,55 €

Segundo as bases que regulan a convocatoria, o órgano concedente realizará a súa achega una vez xustificados os gastos, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucións da Alcaldía, do 22 de xuño de 2023, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de xustificación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria a tempo de que expire o prazo outorgado na convocatoria para xustificar a mesma, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita xustificación e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Alcaldía a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: *Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de xustificación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.*

SEGUNDO: *Aprobar a conta xustificativa da subvención para a “Mellora da eficiencia enerxética no alumado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes”, nos seguintes termos:*

“

- 1. Cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a subvención.*
- 2. Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:*

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data emisión	Data recoñecemento obriga
NARONTEC GESTION, S.L.	Mellora da eficiencia enerxética no alumado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes.	NT 00240277	7.379,40 €	22/10/2024	25/10/2024

”



Logo do traslado da proposta aos Servizos Económicos do Concello, estes tomaron razón segundo o documento adxunto de código ICO18I00DK.

Polo anteriormente exposto e en uso das atribucións conferidas, esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos do Concello.

“

En cumprimento do punto primeiro da proposta de resolución aprobada, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO18I00F8, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA AS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS 2024-2025.- Vista a proposta formulada que di así:

Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“**ASUNTO:** Aceptación da subvención concedida pola Consellería de Política Social e Igualdade, (Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica), para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3, e puntos de atención a infancia de titularidade municipal para o curso 2024/25

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, con respecto ao expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta :

ANTECEDENTES:

Mediante Xunta de Goberno Local de data 26/09/2024 (documento Opencertiac GOB18I00WX), apróbase a solicitude de Subvención a Consellería de Política Social e Igualdade para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención a infancia de titularidade municipal, ao abeiro da Orde de 09 de agosto de 2024 (DOG nº 167 de 30 de agosto de 2024), por un importe de 252.546,96€.

O día 04-11-2024, recepciónase a través do servizo de Dirección Electrónica Habilitada única, a notificación da Resolución da solicitude de Subvención por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, na que se resolve a concesión ao Concello de Narón de 224.308,95€ desagregado do seguinte xeito:

ACTUACIÓN	ANO 2024	ANO 2025	Total
Liña 1 para gastos de mantemento das escolas	30.109,09	52.690,91	

infantís municipais 0-3			82.800,00€
Liña 2 para gratuidade da atención educativa das escolas infantís municipais 0-3	51.457,80	90.051,15	141.508,95€

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións
- Públicas
- Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Orde de 09 de agosto de 2024 da Consellería de Política Social e Igualdade, publicada no DOGnº167 de 30 de agosto de 2024.
- Resolución da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude de 31/10/2024
- Orzamento en vigor

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, informa a Concelleira Delegada en Cooperación no Ensino e Biliotecas, para que propoña a Xunta de Goberno Local:

1º Aceptar, por un importe de 224.308,95€, a subvención concedida pola Consellería de Política Social e Igualdade para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3, e puntos de atención a infancia de titularidade municipal para o curso 2024/25.

2º Aprobar o cadro de financiamento definitivo que quedará do seguinte xeito:

Importe total do programa	252.546,96€
Achega do Concello	28.238,01€
Subvención concedida pola Consellería de Política Social e Xuventude	224.308,95€

O desglose por anualidades é o seguinte:

ACHEGA DA CONSELLERÍA

APLICACIÓN ECONÓMICA	ANO 2024	2025	Total
----------------------	----------	------	-------

	81.566,89	142.742,06	224.308,95€
ACHEGA DO CONCELLO			
APLICACIÓN ECONÓMICA	ANO 2024	2025	Total
	8.486,94	19.751,07	28.238,01€

Subconcepto económico de ingreso:45080”

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 12/11/2024 (ICO18I00EB), do documento SSO18I05M0, do expediente SSO/2024/227, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 22/06/2023), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A DIPUTACIÓN DA CORUÑA PARA CONTRATACION DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN OBRAS E SERVIZOS PEL-CONCELLOS-2025.- Vista a proposta formulada que di así:

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ANTECEDENTES

No BOP N° 200 , do 16 de outubro de 2024, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica da Deputación Provincial da Coruña, publica as Bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PELConcellos 2025), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local.

O obxecto do Programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos, e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos durante o período de 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025. Así mesmo dito persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou no caso de existencia de listas anteriores na data da convocatoria e atoparse en situacións de exclusión laboral.

O importe da achega provincial destinarase a financiar os custos salariais e de seguridade social, os derivados das indemnizacións de fin de contrato e os correspondentes aos cursos de formación en materia de riscos laborais que deban realizar as persoas contratadas segundo a lexislación laboral vixente, durante o período de 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia non competitiva, e según o descrito na base 8: “os concellos poderán solicitar como máximo a contía do módulo que lles corresponda en función da porcentaxe resultante de dividir o número de persoas desempregadas no concello entre o número total de persoas desempregadas nos concellos de menos de 50.000 habitantes”. Por conseguinte, tal como determina o apartado 8.3 e o exposto no anexo III das bases, (detalle dos módulos a financiar), ao concello de Narón lle corresponde o importe máximo a solicitar de 52.000,00€.

En data 18/10/2024, a Diputación provincial da Coruña, publica no BOP 202 o extracto da Resolución 42106, de 16 de outubro de 2024 da Presidencia da Diputación da A Coruña, polo que se convoca o programa de subvencións para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PELConcellos 2025), sendo efectivo o mesmo dende o 21/10/2024 ata o 21/11/2024.

O departamento de Organización e RR.HH en data 25/10/2024 e código opencertiacc (PER18I05VZ) , emite informe de custes co obxecto de contratar a 1 oficial albanel e 1 peón albanel, por un período de 11 meses(dende o 1 de febreiro ata o 31 de decembro de 2025) e cunha xornada de traballo de 6,75 horas diarias, de luns a venres, de (7,30 a 14,15 horas).

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aprobar a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, os prazos establecidos para a tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, tamén e importante a ter en conta para acelerar o proceso de tramitación do expediente, a forma da tramitación por parte da Deputación Provincial da Coruña (concorrencia non competitiva).



Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación de aprobación da solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.
- Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais
- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- ☐ Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, artigos 10.2 e 83.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, artigos 23 e 27.
- Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial da Coruña BOP N° 185 do 25/09/2024
- Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña (BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024)
- Bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2025), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local. BOP n° 200 de (16/10/2024).
- Publicación bop n° 202, convocatoria prazo de presentación solicitudes PEL CONCELLOS 2025.(Dende 21/10/2024 ata 21/11/2024).
- Orzamento xeral do concello.
- Informe da Xefa de Organización e RR.HH de data 25/10/2024 documento opencertiac (PER18I05VZ)

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal , propón á Alcaldía que resolva:

PRIMEIRO:Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a aprobación da solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña para contratación de persoal para execución de obras e servizos (PEL-CONCELLOS-2025).

SEGUNDO: Solicitar á Deputación Provincial da Coruña, unha subvención por importe de 52.000,00€ para a contratación de persoas desempregadas, nos termos expresados nas Bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PELConcellos 2025), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local. BOP n° 200 de (16/10/2024), e coas categorías seguintes:

CATEGORÍA	Nº TRABALLADORES
Peón albanel	1
Oficial albanel	1

TERCEIRO: Solicitar a adhesión ao programa de axudas á contratación de persoal para execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia(Pel-concellos 2025), incluído na liña 1.1 do Plan de emprego local da Deputación Provincial da Coruña.

CUARTO: A vista do informe emitido polo servizo de Organización e Recursos Persoais de data 25/10/2024 (PER18I05VZ), aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito:

CONCEPTO	DURACIÓN XORNADA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA MUNICIPAL 2025	ACHEGA DEPUTACION 2025	IMPORTE TOTAL
Retribucións	11 MESES -6,75H	4590 13100	0,00	38.021,52	38.021,52
Productividade	11 MESES -6,75H	4590 13105	0,00	1.278,93	1.278,93



CONCELLO DE NARÓN

criterios de execución					
Seguridade social	11 MESES -6,75H	4590 16000	0,00	12.699,55	12.699,55
TOTAL			0,00€	52.000,00€	52.000,00€

QUINTO: O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas.

SEXTO: Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

SÉTIMO: Dar conta de este acordo a Xunta de Goberno Local"

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 07/11/2024, documento de intervención (ICO18I00DT), do documento (SSO18I05CO), do expediente SSO/2024/465, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4